



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN DIRIXIDA AO PLENO PARA A DIGNIFICACIÓN DO EXERCICIO DO CARGO PÚBLICO

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal para a dignificación do exercicio do cargo público.

Exposición de motivos

A política en sentido clásico non debera ter compoñentes de revanchismo ou trilerismo na procura do afundimento do contrario.

No mandato 2015 - 2019 o goberno de Ferrol en Común non tivo unhas circunstancias fáciles. Esta moción non pretende incidir en erros ou acertos, nin, como non podía ser menos, poñer en cuestión a lexitimidade do que a cidadanía determinou libremente a través das urnas no maio pasado.

O que determina a diferenza do ser humano do resto de seres vivos é a intelixencia e, dende logo, dentro da intelixencia está a capacidade de rectificar.

Nunha decisión infame, da que moitos e moitas en privado dos aquí presentes recoñecen

desacertada, dous grupos políticos puxéronse de acordo en recorrer en segunda instancia unha sentenza gañada no xulgado do contencioso polo goberno municipal do anterior mandato. A sentenza vai adxunta á moción para a súa consulta íntegra.

Esta decisión xudicial fala por si mesma. Esta moción non supón un interese económico se non que se trata de dignificar o exercicio do cargo público. Polo que instamos ao pleno do concello de Ferrol a:

1.- Emendar a decisión tomada de recorrer unha sentenza xusta, chegar a un acordo extraxudicial antes do fallo do TSXG e tomar o compromiso de non xudicializar a política, ocupándose máis do interese xeral que das disputas de política en minúsculas.

Ferrol, 27 de xaneiro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común